

EV HESSE

fios e tecidos

Eva Hesse (1936-1970) foi unha artista alemá que naceu nun momento complicado, na época da II Guerra Mundial. A súa familia era xudea e tivo que deixar o seu país e emigrar a EEUU onde creceu e levou acabo unha carreira como artista xunto a outros artistas do minimalismo, aínda que as súas obras eran moi distintas. Eva tiña o seu estudo de artista nunha antiga fábrica de tecidos, alí atopou restos de maquinaria, fíos, anacos de tea, botóns ... e isto deulle unha idea. Entón empezou a enredar e argallar, experimentando con tecidos e outros moitos materiais para crear as súas obras. É coñecida polas súas grandes instalacións de fíos enredados.

ESCULTURA CON FÍOS

Actividades para mini pementiñxs

- **MATERIAIS :** Fíos de lá, tesoiira, caixa de cartón e cartolina.

1. Comezamos! Colle unha caixa vella, pode ser de zapatos, e quitamos a tapa.
2. Imos facer uns buracos nas zonas laterais e na base.
3. Agora collemos fíos ou o que teñas por casa e imos ir pasando os fíos polos buracos, dun lado ao outro como se estiveramos cosendo. Enreda e mestura as cores que ti queiras... e por onde ti queiras! podes facer nós!
4. Agora facemos outro experimento... colle unha catolina e a dobramos pola metade deixando unha parte erguida e a outra apoiada.
5. Facemos uns buracos nas dúas partes e pasamos fíos dunha parte a outra.

minimalismo: movemento artístico formado por artistas que crían que menos era máis, facían obras que a simple vista eran moi simples e sinxelas... non querían complicala vida! Adoñaban facer esculturas e instalacións moi xeométricas que se repetían en estruturas ou series, xogando coas cores, cos ocos baleiros ou cos materiais (metal, madeira, luz...). Sen duda a súa figura favorita era o cadrado.

series: grupo de pezas artísticas que actúan como unha única obra, ás veces con características ou con elementos semellantes, mesma cor, mesma forma, mesma técnica...



Vía saatchigallery.com

PINTAR CON FÍOS


Actividades para pementinxs

- **MATERIAIS :** Fíos e cartón

1. Colle cartón e cortáoo sen tesoiras, mellor cos dedos para que queden anacos irregulares, máis ou menos do mesmo tamaño. Así logramos facer texturas diferentes.

2. Agora collemos os fíos que queiramos e pasámolos polo cartón dándolle voltas, envolvéndoo. Como se fosen envoltorios podemos coller anacos de tecidos e ir colocándoos polo medio.

3. Imos facer unha serie como as que facían os minimalistas pero ao noso xeito!



ESTRUTURAS CON FÍOS

Actividades para toda a familia

- **MATERIAIS :** Camisetas de algodón vellas ou trapillo, cordas ou fíos.
- Se non temos trapillo (cola de ratón) podemos facelo con camisetas vellas. Debes cortar tiras, fas un pequeno corte e tiras forte. Despois vamos unindo as tiras en ovelos. É bastante divertido facelo!

Temos toda a casa para facer unha instalación xigante e temos un montón de fíos e tecidos para argallar ao noso ritmo. Debes enganchar alí e acolá, facer nós, enganchar os fíos aos caixóns, aos tiradores das portas... arredor de ti mesm, aos demáis. Os fíos estíranse con forza ou quedan colgando como se se escurreran. Como Eva Hesse, imos imaxinando e experimentado coas cores e coas formas, como un pintor emprega as pinturas nun cadro, o noso lenzo é a casa e as nosas pinturas os fíos.



Vía whitney.org